

RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS

Aulas e seminarios

O ensino superior ten uns requirimentos de espazo, infraestrutura e equipamento docente moi altos, sobre todo en comparación con outro tipo de ensinanzas. Iso é debido á natureza dos estudos nos que priman contidos e competencias que teñen que ver co coñecemento de diversas fontes de información e a capacidade de manexala, coas capacidades, habilidades e coñecementos para producir mensaxes e discursos en diversos medios, e as de formular e desenvolver proxectos científicos. A necesidade de dotar o alumnado dese tipo de competencias unida a que, como xa se sinalou, o perfil formativo que se pretende se desprega a partir dunha experiencia de coñecemento integrada que, en xeral, combina o coñecemento teórico e práctico, fai que unha porcentaxe moi alta das actividades de docencia-aprendizaxe se desenvolvan en espazos, sexan aulas ou laboratorios, que necesitan un alto grao de dotación tecnolóxica. Nos últimos anos a Universidade de Vigo en xeral e a nosa facultade en particular fixeron un esforzo para a dotación destas infraestruturas que nestes momentos son as axeitadas para o desenvolvemento das ensinanzas actuais e para o do título proposto nesta memoria. Nos seus presupostos anuais a Universidade de Vigo ten en conta a dotación para laboratorios docentes dos seus centros, e establece a distribución dos fondos atendendo, entre outros parámetros, ao número de estudantes por laboratorio e á aposta dos centros pola innovación didáctica e tecnolóxica. A partida orzamentaria consecuenta permite a renovación e o mantemento das dotacións.

A nova titulación, pois, dispoñerá dos recursos materiais e servizos que permiten o desenvolvemento da actual licenciatura, polo que non se prevén problemas engadidos para a súa implantación neste aspecto.

Tipoloxía de espazos e dotación de infraestruturas de docencia-aprendizaxe

AULAS DOCENTES A1, A2, A3, B1, B2, C1, C2 e C3		
DESCRIPCIÓN XERAL	USOS HABITUAIS	CAPACIDADE
Aulas de gran capacidade, dotadas de canóns de vídeo, son e cabreadas para que o alumnado poida utilizar os seus portátiles.	Clases maxistras a grupos grandes. Exames, probas escritas e orais ademais de presentacións do alumnado. Conferencias e proxeccións.	104

AULAS DOCENTES A4a/b, A5, A6, B4a/b, B5, B6a/b, C4a/b, C5 e C6

DESCRIPCIÓN XERAL	USOS HABITUAIS	CAPACIDADE
Aulas de mediana ou gran capacidade, dotadas de canóns de vídeo, son e cabreadas para que o alumnado poida utilizar os seus portátiles.	Clases maxistras a grupos grandes ou medianos (A,B,C4a/b). Exames, probas escritas e orais, presentacións do alumnado. Conferencias e proxeccións. A aula B6a é unha aula de informática; a B6b unha de vídeoconferencia.	72/34
AULAS DOCENTES A7, A8, B7, B8, C7 e C8		
DESCRIPCIÓN XERAL	USOS HABITUAIS	CAPACIDADE
Aulas de pequena-mediana capacidade, dotadas de canóns de vídeo, son e cabreadas para que o alumnado poida utilizar os seus portátiles.	Clases maxistras a grupos medianos. Exames, probas escritas e orais, presentacións do alumnado. Conferencias e proxeccións.	50
SEMINARIOS DOCENTES A11, A12, A13, A14, B9, B12, B13, B14, C11, C12, C13 e C14		
DESCRIPCIÓN XERAL	USOS HABITUAIS	CAPACIDADE
Aulas de pequena capacidade. Tres de elas están dotadas de canóns de vídeo, son e cabreadas para que o alumnado poida utilizar os seus portátiles.	Docencia tipo seminario. Exames, probas escritas, orais, presentacións do alumnado (grupos reducidos). A aula C11 é unha aula de vídeoconferencia.	15

Espazos do persoal académico

Outras infraestruturas e dotacións de docencia-aprendizaxe

- Despachos de profesores/as: 93, repartidos nos tres pavillóns.
- Despachos administrativos: para o Decanato, Conserxaría, Secretaría de Alumnos/as, Asuntos Económicos e os cinco departamentos con sede na Facultade.

SALÓN DE ACTOS		
DESCRICIÓN XERAL	USOS HABITUAIS	CAPACIDADE
Salón de actos con a disposición habitual de escenario e butacas. Con medios de proxección de cine e vídeo, amplificación do son e dotado con cabinas de interpretación.	Conferencias. Proxeccións. Mesas redondas. Concertos. Grandes reunións e actos protocolarios.	324

SALÓN DE GRAOS		
DESCRICIÓN XERAL	USOS HABITUAIS	CAPACIDADE
Salón de grados con a disposición habitual de escenario e bancos. Dotado de medios de proxección de vídeo e de amplificación do son.	Exposición de traballos de fin de grao e de máster así como teses doutorais. Tamén se utiliza para conferencias, proxeccións, concertos e actos protocolarios.	90

SALA DE XUNTAS		
DESCRICIÓN XERAL	USOS HABITUAIS	CAPACIDADE
Salón de reunión dotado de medios de proxección de vídeo.	Exposición de traballos de fin de grao e de máster así como teses doutorais. Tamén se utiliza para reunións de departamentos, de equipos directivos, e outros actos protocolarios.	20

Laboratorios

LABORATORIO DE IDIOMAS		
DESCRIPCIÓN XERAL	USOS HABITUAIS	CAPACIDADE
Aulas de pequena capacidade. Están dotadas dos medios tecnolóxicos necesarios para poder desenvolver a docencia teórica e práctica da ensinanza - aprendizaxe de idiomas.	Docencia sobre todo práctica. Exames e presentacións do alumnado.	24

LABORATORIOS DE INTERPRETACIÓN L1, L2, L3, A10, B10, NEWTON 15		
DESCRIPCIÓN XERAL	USOS HABITUAIS	CAPACIDADE
Aulas de pequena capacidade, dotadas dos medios tecnolóxicos necesarios para poder desenvolver a docencia teórica e práctica de interpretación.	Docencia sobre todo práctica. Exames e presentacións do alumnado.	24

Salas de informática

AULAS INFORMÁTICAS A9, C10, NEWTON 9ª, NEWTON 9B, NEWTON 17, B6a		
DESCRIPCIÓN XERAL	USOS HABITUAIS	CAPACIDADE
Aulas de uso docente con canón, son e ordenadores fixos.	Docencia sobre todo práctica. Exames e presentacións do alumnado.	25 La 9A pode utilizarse como una de 50 postos o como dos de 25.

Salas de estudo

1 sala de estudo con capacidade para 134 persoas.

<p>Outros espazos para os/as estudantes</p>	<p>Outros recursos materiais: á parte das infraestruturas e dotacións situadas en espazos concretos de docencia-aprendizaxe, existe un material diverso que pode ser utilizado por profesorado e estudantes na súa actividade no centro. O uso deste material é controlado polo servizo de conserxaría da facultade mediante un sistema establecido que inclúe o compromiso para unha utilización adecuada por parte do usuario. O material dispoñible consiste en ordenadores portátiles, proxectores dixitais, reprodutores de vídeo en diversos formatos, monitores, escaleiras de man, cables de conexión, etc.</p>									
<p>Biblioteca</p>	<table border="1" data-bbox="667 512 1749 1153"> <thead> <tr> <th colspan="3" data-bbox="667 512 1749 544">BIBLIOTECA</th> </tr> <tr> <th data-bbox="667 544 1160 576">DESCRICIÓN XERAL</th> <th data-bbox="1160 544 1518 576">USOS HABITUAIS</th> <th data-bbox="1518 544 1749 576">CAPACIDADE</th> </tr> </thead> <tbody> <tr> <td data-bbox="667 576 1160 1153"> <p>Lugar de situación dos fondos bibliográficos e video-gráficos da Facultade, de 1.662 m2. Adscrita á Biblioteca Universitaria da Universidade de Vigo.</p> <p>Con postos para consulta de fondos bibliográficos, postos para visionado de vídeo e puntos de consulta en liña do catálogo. Os fondos supoñen arredor de 70.000 títulos, así como 765 publicacións periódicas.</p> <p>Ten salas de estudo para grupos, un vestíbulo, zona de ordenadores con acceso a internet, zona de revistas e xornais, zona de ordenadores con acceso ao catálogo, zona de dicionarios de referencia con postos de estudo, sala de revistas e unha sala de investigación de Terceiro Ciclo. Conta con servizo de reprografía para uso investigador.</p> </td> <td data-bbox="1160 576 1518 1153"> <p>Consulta de fondos, lectura, visionado de vídeo e estudo. A biblioteca funciona con libre acceso aos libros e á zona de hemeroteca. Os fondos están no catálogo en liña e os/as investigadores/as poden acceder a el e realizar as súas peticións bibliográficas en rede.</p> </td> <td data-bbox="1518 576 1749 1153"> <p>200 de lectura. 134 nas salas de estudo.</p> </td> </tr> </tbody> </table>	BIBLIOTECA			DESCRICIÓN XERAL	USOS HABITUAIS	CAPACIDADE	<p>Lugar de situación dos fondos bibliográficos e video-gráficos da Facultade, de 1.662 m2. Adscrita á Biblioteca Universitaria da Universidade de Vigo.</p> <p>Con postos para consulta de fondos bibliográficos, postos para visionado de vídeo e puntos de consulta en liña do catálogo. Os fondos supoñen arredor de 70.000 títulos, así como 765 publicacións periódicas.</p> <p>Ten salas de estudo para grupos, un vestíbulo, zona de ordenadores con acceso a internet, zona de revistas e xornais, zona de ordenadores con acceso ao catálogo, zona de dicionarios de referencia con postos de estudo, sala de revistas e unha sala de investigación de Terceiro Ciclo. Conta con servizo de reprografía para uso investigador.</p>	<p>Consulta de fondos, lectura, visionado de vídeo e estudo. A biblioteca funciona con libre acceso aos libros e á zona de hemeroteca. Os fondos están no catálogo en liña e os/as investigadores/as poden acceder a el e realizar as súas peticións bibliográficas en rede.</p>	<p>200 de lectura. 134 nas salas de estudo.</p>
BIBLIOTECA										
DESCRICIÓN XERAL	USOS HABITUAIS	CAPACIDADE								
<p>Lugar de situación dos fondos bibliográficos e video-gráficos da Facultade, de 1.662 m2. Adscrita á Biblioteca Universitaria da Universidade de Vigo.</p> <p>Con postos para consulta de fondos bibliográficos, postos para visionado de vídeo e puntos de consulta en liña do catálogo. Os fondos supoñen arredor de 70.000 títulos, así como 765 publicacións periódicas.</p> <p>Ten salas de estudo para grupos, un vestíbulo, zona de ordenadores con acceso a internet, zona de revistas e xornais, zona de ordenadores con acceso ao catálogo, zona de dicionarios de referencia con postos de estudo, sala de revistas e unha sala de investigación de Terceiro Ciclo. Conta con servizo de reprografía para uso investigador.</p>	<p>Consulta de fondos, lectura, visionado de vídeo e estudo. A biblioteca funciona con libre acceso aos libros e á zona de hemeroteca. Os fondos están no catálogo en liña e os/as investigadores/as poden acceder a el e realizar as súas peticións bibliográficas en rede.</p>	<p>200 de lectura. 134 nas salas de estudo.</p>								
<p>Servizos dispoñibles</p>	<p>-Conexión sen fíos: o edificio da facultade dispón de conexión sen fíos á rede da Universidade e, a través dela, a internet. Todos os membros da comunidade universitaria teñen acceso a este servizo mediante clave vinculada á súa conta de correo persoal proporcionada pola universidade.</p> <p>-Recursos docentes en rede: como apoio á actividade docente presencial, a Universidade de Vigo pon a</p>									

	<p>disposición do profesorado a plataforma informática "Faitic" con recursos en liña destinados á teleformación.</p> <p>-Servizo de reprografía: o centro dispón de servizo de reprografía atendido por unha empresa externa contratada pola Universidade.</p> <p>-Servizo de cafetería e comedor: o centro dispón de servizo de cafetería (90 postos) e comedor (280 prazas) atendido por unha empresa externa contratada pola Universidade.</p>
Espazos para os/as representantes de estudantes	A delegación de estudantes ten un espazo reservado no Pavillón Newton.
Outros equipamentos	<p>A aula C11 e B6b están preparadas para videoconferencia.</p> <p>Despachos administrativos para o Decanato, Conserxería, Secretaría de Alumnos/as, Asuntos Económicos e os cinco Departamentos con sede na Facultade.</p> <p>Outros recursos materiais. Á parte das infraestruturas e dotacións situadas en espazos concretos de docencia e aprendizaxe, existe un material diverso que pode ser utilizado por profesorado e estudantes na súa actividade no centro. O uso deste material é controlado polo servizo de Conserxería da Facultade mediante un sistema establecido que inclúe o compromiso para unha utilización adecuada por parte do usuario. O material dispoñible consiste en ordenadores portátiles, proxectores dixitais, reprodutores de vídeo en diversos formatos, monitores, escaleiras de man, cables de conexión, etc.</p>
Procedemento documentado da xestión dos recursos materiais	<p>Véxase o PA07 en Procedementos pdf (Procedementos de apoio) – Documentación xeral.</p> <p>http://webs.uvigo.es/fft/index.php?option=com_rockdownloads&view=file&Itemid=101&id=1333:pa07</p>
Procedemento documentado sobre a xestión dos servizos	<p>Véxase o PA08 en Procedementos pdf (Procedementos de apoio) – Documentación xeral.</p> <p>http://webs.uvigo.es/fft/index.php?option=com_rockdownloads&view=file&Itemid=101&id=1334:pa08</p>
Plano de mellora	<p>Véxase Planos de mellora – Documentación xeral.</p> <p>http://webs.uvigo.es/centros/fft/index.php?option=com_rockdownloads&view=file&Itemid=101&id=1325:mestrado-trad-multimedia</p>

